

P.D.I.  
CONSTRUÍMOS  
CON COVIÑA



CEIP AS COVAS MEAÑO

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia




# O CEIP AS COVAS MEAÑO

Ubicado nun  
entorno rural.  
160 alumn@s  
de Infantil e  
Primaria.

Claustro,  
equipo  
directivo,  
orientación,  
equipo de  
biblioteca con  
estabilidade.

PEC renovado  
que camiña cara  
a  
transformación.  
Escola en  
tránsito.





Fomentar o traballo por proxectos en todas as aulas.

Estimular a adquisición de competencias clave por parte do alumnado.

Fomentar o uso da biblioteca escolar como fonte de recursos e información

## QUE QUERIAMOS CONSEGUIR CO PDI?

Ter un proxecto común de cole. Queríamos ilusionarnos e emocionarnos xuntos.

Fomentar unha actitude crítica "construtiva". Impulsar a metodoloxía de aprender facendo.

Facer participe a toda a comunidade educativa. Mostrar as familias as novas metodoloxías ofrecendo resultados.

# COMO NOS ORGANIZAMOS?

1º trimestre:

Curiosidade e motivación.

2º trimestre:

Elaboración de proxectos nas aulas.

3º trimestre:

Produto final:  
“Visita a Expo-Coviña”





# 1º TRIMESTRE CURIOSIDADE E MOTIVACIÓN

Ola nenos e nenas!



Hoxe abre a biblioteca. Por fin volvedes visitarme!

Este curso... mans á obra todo o mundo!". Toca CONSTRUÍR!!! Construír monumentos, construír robots, construír un novo patio, construír soños, construír un barco, construír pensamentos, construír amizades, construír escola... Por iso o tema deste curso da biblioteca será...

Gustaríame que o título do proxecto o escollerades vós. Por clase, por favor, votade o que máis vos guste. Teño cinco propostas: "Constru-Coviña", "Prefabricados Coviña", "Biblioconstrución", "Mans á obra" e "Construímos con Coviña".

Este curso gustaríame que entre todos fixeramos proxectos de investigación sobre a construción: arquitectos/as famosos/as, escultores, edificios, civilizacións que destacaron polas súas construcións (Exipto, Grecia, Roma, aztecas...), construímos a paz, construímos un mundo mellor, casas do mundo, os oficios da construción, ... A final de curso a escola debera estar chea de construcións, maquetas, proxectos...

No taboeiro do lado da biblioteca espero as vosas propostas e ideas. Tomarei nota daquelas que máis me gusten para podelas levar a cabo durante todo o curso. Animádevos a comezar construíndo ideas para este proxecto!!!

Preparádevos para convertervos este curso en arquitectos, escultores, pensadores, magos... CONSTRUCTORES E CONSTRUCTORAS!!

Unha apertina da vosa amiga:



Coviña

Caixa sorpresa de Coviña nas aulas.  
Libro sobre construción e cartas de Coviña para a  
clase e para as familias no seu interior.



Na carta de clase Coviña propón diferentes nomes  
para o PDI. Cada aula vota a que máis lle gusta.  
Na carta para as familias preséntase o tema do curso  
e se lle pide unha primeira colaboración.



Andel de bibliografía de construcción e  
“Coviña constructora”.





# Panel de "Construyendo ideas" sobre el PDI



Propostas de colaboración ás familias:  
Construímos castelos de área, con palillos,  
grullas de origami...






Proposta da "Porta do mes".  
Cada clase decoraba a súa porta cunha construción (na maioría dos casos do propio proxecto escollido).  
O alumnado das outras clases traballaba esa construción na titoría.




Exposiciones  
orais sobre  
construccions  
en toda  
Primaria.



CON  
POLVORA


POLV




Construimos inventos.  
Visita á exposición sobre "Leonardo da Vinci"



Traballamos a construción nos distintos contextos educativos de aprendizaxe.





A decorative wavy line in light blue and white on the left side of the slide.

**2º TRIMESTRE:  
ELABORACIÓN  
DOS PROXECTOS  
NAS AULAS**

En colaboración  
co equipo de  
Dinamización  
lingüística,  
elaboramos un  
calendario de  
escola sobre o  
tema do PDI.  
Cada clase  
realiza unha  
foto e busca  
unha frase.



AS DIFERENZAS ENRIQUÉCENOS, O RESPECTO ÚNENOS





Un entroido de construción. Cada aula elabora o disfraz do tema escollido para o seu proxecto do PDI.



# ELABORACIÓN DOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NAS AULAS.

Que sabemos?

Que queremos saber?

Que queremos facer?

Onde buscamos?


Como nos organizamos?

Que aprendemos?









# Visita de expertos.




# TALLER DE SISTEMA LUPO





# Estructuras recíprocas





# OLIMPIÁDA DO SABER CON PREGUNTAS SOBRE CONSTRUCCIÓN



CONSTRUÍMOS E DESEÑAMOS UN NOVO PATIO.  
VISITA DE CARME COLS E PITU FERNÁNDEZ.





Mar de libros. Reconstrucción dun barco.  
Taller a cargo da vella escola.





3º TRIMESTRE:  
VISITA DAS  
FAMILIAS A  
EXPO-COVIÑA.

DÍA DO LIBRO.  
Construímos un arco do triunfo de libros.





Deseñamos e construímos o noso maio.





# Concurso de Kapla.





## SALAS:

3 anos: PIRÁMIDES DE EXIPTO

4 anos: O CAMIÑO DE SANTIAGO

5 anos: COÑECEMOS A INDIA

1º: "ADIVIÑA..."

2º: CASAS SORPRENDENTES

3º: GRECIA

4º: FRANCIA

5º: CHINA

MÚSICA: MUROS MUSICAIS

ED. FÍSICA: MAQUETAS

DEPORTIVAS

RELIXIÓN: VIDRIEIRAS

PT: XARDÍN VERTICAL

Organización das tarefas  
e salas PDI:

"EXPO  
COVIÑA"



CEIP AS COVAS-MEAÑO

06/06/2018

## TAREFAS A REALIZAR PARA O 4 DE XUÑO

### **PARTICIPA**

#### **CARTEL PUBLICITARIO:**

Deseño e realización dun cartel publicitario da visita coidando a imaxe corporativa.

Os datos que teñen que aparecer son:

- Data: Mércores 13 de xuño.
- Lema: "Construímos con Coviña"
- Visita Expo Coviña.
- Hora: 10:00 h.

### **PARTICIPA**

#### **ANUNCIOS RADIOFÓNICOS:**

Elaboración dunha cuña publicitaria para as entradas e saídas no colexio.

Débese redactar un texto breve, buscar unha música e gravar as voces.

### **PARTICIPA**

1º

#### **INVITACIÓNS:**

Deseño e elaboración dunha invitación ás familias.

Debe ter un lugar para recortar e que cada familia apunte o número de persoas que acudirán ao evento.

## TAREFAS A REALIZAR PARA O 4 DE XUÑO

### **PARTICIPA**

#### **ANUNCIOS EN VÍDEO:**

Guión, deseño e elaboración dun ou varios vídeos promocionais da visita a Expo Coviña.

### **IMAXE CORPORATIVA:**

Para que todas as tarefas publicitarias teñan unha relación e unidade, pedirase que se utilice na maior medida do posible:

- Cores: Negro, laranxa, violeta e lila.
- Imaxes: Coviña sempre presente e algunha imaxe de construción.
- Lema: "Construímos con Coviña"
- Fontes: Arial, Rockwell e Lucida Console.

**O LUNS 4 DE XUÑO COMEZARASE A PEGADA DE CARTEIS , ANUNCIOS E REPARTO DE INVITACIÓNS.**

# A CAMPAÑA PUBLICITARIA

Clic para escoitar  
o anuncio de radio  
1

Clic para escoitar  
o anuncio de radio  
3

Clic para escoitar  
o anuncio de radio  
4

Clic para ver o  
anuncio de tele 1



## TAREFAS A REALIZAR PARA O 13 DE XUÑO

### TRÍPTICO DE EXPO COVIÑA:

- Tríptico explicativo de cada sala. Incluiranse fotos e un breve resumo do que se vai expoñer en cada sala da exposición. Portada co lema. Coidar a imaxe corporativa.

PARTICIPA

### PLANO DE EXPO COVIÑA:

Deseño e realización dun plano coa ubicación salas e espazos comúns da expo.

PARTICIPA

### ENTRADAS:

Deseño e realización de entradas de "VISITANTE" para entregar na entrada. Fotocopiar en cartolinas cambiando de cor cada 40 entradas (para facilitar a organización dos grupos).

PARTICIPA:

### CARTEIS INFORMATIVOS:

Deseño e elaboración de carteis cos nomes das salas, cartel de entrada, información, taquilla,...

PARTICIPA:

## TAREFAS A REALIZAR PARA O 13 DE XUÑO

### SINAIS:

Elaboración de sinais informativas do tipo: "Silencio, Pódense sacar fotos, Disfruten da visita, Non tocar"...

PARTICIPA:

### MÚSICA E MENSAXES RADIOFÓNICOS PARA ESE DÍA:

"Esperemos que estean disfrutando da visita. Recordamos que...", "Expo Coviña abrirá ás prtas ás 10...", etc.

PARTICIPA:

### GUÍAS E OFICIOS:

Elaboración do guión. Ensaio da expresión oral e da ruta dos guías. Acreditacións co nome colgado e o cargo "Guía, architect@, albanel, xefe de obra..." Reparto de roles. Atuendos.

PARTICIPA:  
6º

## TAREFAS A REALIZAR PARA O 13 DE XUÑO

PARTICIPA:  
TODO O COLEXIO

Embelecer corredores e espazos comúns

PARTICIPA:

Cartel para a entrada co nome "Expo Coviña"

PARTICIPA:

Café, biscoitos, pastas e cafetería para ese día.

PARTICIPA

Posto de información

PARTICIPA:

CARTEIS DE FALTA 1 MINUTO E DE REMATOU O TEMPO para que leven os guías no momento das exposicións.

PARTICIPA:  
TODOS

Cada clase prepara o seu guión de exposición e o ensaia. Tamén decora a súa sala.  
(Non superior a 5 minutos)

## TAREFAS A REALIZAR PARA O 13 DE XUÑO

PARTICIPA:

Carteis publicitarios co nome das construcións de expo Coviña para colocar nos corredores.

PARTICIPA:

PARTICIPA:

PARTICIPA:



Agradecemos a todos e todas os 199 invitados a EXPO-COVIÑA por estar hoxe aquí con nós e esperamos que vos guste a nosa exposición.



## CONSTRUÍMOS CON COVIÑA!!

O TRABALLO DE TODO UN CURSO EXPLICÁMOSCHO NUN SEGUNDO!!



## EXPO COVIÑA



Benvidos!  
Expo-Coviña, a nova PDI do CEIP As Covas-Meaño.

### EXPO-COVIÑA:

#### 1. GRULLAS DE SADAKO:

Construción colectiva das grullas de Sadako. Fixemos as grullas por unha pequena rapaza xaponesa que tiña Leucemia. Dica a lenda que si facías 1000 te concederían un desexo.

#### 2. MURALLA CHINA:

Os nenos e nenas de 5º vos falarán sobre China e da súa muralla, pero tamén dos seus atractivos.

#### 3. TORRE EIFFEL:

Os rapaces de cuarto falaránvos sobre París e o seu símbolo principal...sabedes cal é?

#### 4. MAQUETAS DEPORTIVAS:

Estas maquetas foron elaboradas por grupos das aula de 4º, 5º e 6º, tratan sobre os distintos deportes que existen hoxe en día.

#### 5. GRECIA

Na exposición de 3º expoñerán o Partenon, a construción de Atenas e tamén a antiga Grecia.

#### 6. CASAS SORPRENDENTES:

Na clase de 2º enseñáranvos distintos tipos de casas que existen no mundo. Hai moitísima variedade!

#### 7. SALA SORPRESA:

Os nenos e nenas de 1º tēñenvos preparado un monumento sorpresa... que será?

#### 8. COLISEO ROMANO:

Os rapaces de 2º decidiron presentarvos o seu coliseo creado no corredor do pasillo.

#### 9. MAR DE LIBROS:

Hoxe vos mostraremos o noso barco-biblioteca, que nos donou o mariñeiro Claudio e que restaurou o avó Quinteiro, logo o rematamos de pintar entre todos e todas.

#### 10. XARDÍN VERTICAL:

Os nenos de 2º construíron un xardín vertical a partir dunha carta que lle enviou Leonardo Da Vinci.



#### 11. CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS:

Todos os cursos desde 1º a 6º fixeron instrumentos con materiais de refugallo, casi todos se poden tocar e soa moi ben.

#### 12. INDIA:

Os rapaces e rapazas de 5 anos esta vez farán unha exposición sobre a India e a súa construción máis importante, o Taj Mahal.

#### 13. CAMIÑO DE SANTIAGO:

Os de 4 anos este ano farán a súa segunda exposición no colexio. Estará adicada ao camiño máis antigo de Europa. O camiño de Santiago.

#### 14. PIRÁMIDES DE EXIPTO:

Unha das grandes construcións da historia da humanidade. Os nenos e nenas da clase de 3 anos ensinaránvos algún dos seus secretos.

#### 15. CÚPULAS DE LEONARDO.

Leonardo Da Vinci ideou as estruturas recíprocas para as grandes construcións. Este ano no colexio realizamos cúpulas a escala. Esperamos que vos gusten.

**ENTRADA**

TARXETA DE VISITA  
**EXPO COVIÑA**

DATA: Mércores 13 de xuño  
HORA: 10:00 h.  
PREZO: 0 €

Grupo amarelo

Deseño: 2º Primaria

CEIP AS COVAS MEAÑO

TARXETA DE VISITA  
**EXPO COVIÑA**

DATA: Mércores 13 de xuño  
HORA: 10:00 h.  
PREZO: 0 €

Grupo amarelo

Deseño: 2º Primaria

CEIP AS COVAS MEAÑO

TARXETA DE VISITA  
**EXPO COVIÑA**

DATA: Mércores 13 de xuño  
HORA: 10:00 h.  
PREZO: 0 €

Grupo amarelo

Deseño: 2º Primaria

CEIP AS COVAS MEAÑO

**ENTRADA**

TARXETA DE VISITA  
**EXPO COVIÑA**

DATA: Mércores 13 de xuño  
HORA: 10:00 h.  
PREZO: 0 €

Grupo amarelo

Deseño: 2º Primaria

CEIP AS COVAS MEAÑO

TARXETA DE VISITA  
**EXPO COVIÑA**

DATA: Mércores 13 de xuño  
HORA: 10:00 h.  
PREZO: 0 €

Grupo amarelo

Deseño: 2º Primaria

CEIP AS COVAS MEAÑO

TARXETA DE VISITA  
**EXPO COVIÑA**

DATA: Mércores 13 de xuño  
HORA: 10:00 h.  
PREZO: 0 €

Grupo amarelo

Deseño: 2º Primaria

CEIP AS COVAS MEAÑO

# Competencias clave que traballou o alumnado durante o proceso do PDI

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. En todo o proceso intentouse que as tarefas e actividades planeadas estiveran relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real (os roles, elaboración de planos, trípticos, carteis, exposicións orais, organización e publicidade de Expo Coviña son un bo exemplo).


- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións das diferentes salas da exposición, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos, expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, e comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se realizaron actividades de expresión oral sobre construcións e marabillas do mundo, escrita creativa partindo da arte, comentarios de arte, expresión escrita a través da elaboración de carteis, trípticos, anuncios de televisión e radio, invitacións para Expo Coviña, etc.



- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizáronse medicións e proporcións para poder levar a cabo as diferentes construcións. Traballo con formas xeométricas en todos os procesos de construción. Fomentáronse procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas.



- **Competencia dixital (CD):** utilizáronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), presentación das exposicións orais, invitacións, trípticos, elaboración de anuncios de radio e vídeo, entradas, etc.



- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia desde o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa de Expo Coviña o alumnado tivo que deseñar e implementar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** ao ser a construción o tema do proxecto, en todo momento se tratou de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través da arte. Desenrolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. O alumnado foi quen de utilizar distintos materiais e técnicas no deseño dos proxectos, valorou a liberdade de expresión e sobre todo, mostrou interese, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras artísticas.





COMO  
ORGANIZAMOS  
A VISITA?



## HORARIOS PARA O ENSAIO XERAL E VISITA ÁS SALAS D@S COMPAÑEIR@S.

Grupo laranxa: Infantil, 1º.

Grupo azul: 2º, 3º, 4º, 5º.

Martes 12 de xuño  
A partir das 12:40h.

### HORARIO NO QUE DEBEMOS REALIZAR A EXPOSICIÓN:

(nos que debemos estar na aula cos nen@s preparad@s)

1º: 12:40 h e 13:20 h.	4º: 12:40h e 13:20 h.
5 anos: 12:50 h e 13:30 h.	3º: 12:50h e 13:30 h.
4 anos: 13:00 h e 13:40 h.	5º: 13:00h e 13:40 h.
3 anos: 13:10 h e 13:50 h.	2º: 13:10h e 13:50 h.

### HORARIO DE EXPOSICIÓN E VISITA AOS OUTROS CURSOS:

Grupo A:

1º: 12:40 h  
5 anos: 12:50 h  
4 anos: 13:00 h  
3 anos: 13:10 h

-----  
4º (menos 1º): 13:20 h  
3º (menos 5 anos): 13:30 h  
5º (menos 4 anos): 13:40 h  
2º (menos 3 anos): 13:50 h

### HORARIO DE EXPOSICIÓN E VISITA AOS OUTROS CURSOS:

Grupo B:

4º: 12:40 h  
3º: 12:50 h  
5º: 13:00 h  
2º: 13:10 h

-----  
1º (menos 4º): 13:20 h  
5 anos (menos 3º): 13:30 h  
4 anos (menos 5º): 13:40 h  
3 anos (menos 2º): 13:50 h

Hai uns minutos de marxe entre actuación e actuación. A idea é que entren primeiro na súa clase os que van facer a exposición. Mentras se preparan, algún guía de 6º pode ir presentando a sala aos demais cursos fóra da aula. Intentaremos respectar o horario previsto o máximo posible para que lles dea tempo a ensaiar a tod@s. ÁNIMO E SORTE!!!!!!

## EXPO COVIÑA: Horarios de visitas por sala





PIRÁMIDES DE EXIPTO	10:47	11:03	11:24	11:48
CAMIÑO DE SANTIAGO	10:40	10:56	11:17	11:42
INDIA	10:33	10:49	11:10	11:35
TORRE DE PISA	10:22	10:36	10:49	11:14
CASAS SORPRENDENTES	10:13	10:27	10:40	11:05
GRECIA	10:29	10:52	11:24	11:38
FRANCIA	10:17	10:41	11:13	11:30
CHINA	10:08	10:32	11:04	11:21
LEONARDO DA VINCI	10:20	10:53	11:10	11:30
MAQUETAS DEPORTIVAS	10:25	10:49	11:21	11:46
XARDÍN VERTICAL	10:18	11:01	11:27	11:35
INSTRUMENTOS	10:21	11:05	11:30	11:39

Equipo 1

Equipo 2

Equipo 3

Equipo 4





[Clic para  
vídeo resumo](#)

E  
CHEGOU  
O GRAN  
DÍA...

Facebook: CEIP As Covas-Meaño

Instagram: CEIP As Covas-Meaño

[magoia@edu.xunta.es](mailto:magoia@edu.xunta.es)

MOITAS  
GRAZAS POLA  
ATENCIÓN



CEIP AS COVAS MEAÑO

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

